



**Programa de Prevención  
de Residuos Industriais  
de Galicia  
2013 - 2016**

**Resumo non Técnico**

XUNTA DE GALICIA

---

## **ÍNDICE**

<b>1. RESUMO NON TÉCNICO .....</b>	<b>2</b>
------------------------------------	----------

---

# 1. RESUMO NON TÉCNICO

En data de 1 de marzo de 2011, a Subdirección xeral de residuos e solos contaminados remite comunicación de inicio do Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia (2013-2016) á Subdirección xeral de avaliación ambiental, órgano competente na avaliación ambiental de plans e programas, en virtude do establecido no Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que, como parte do procedemento de Avaliación Ambiental, procede a exposición pública da comunicación de inicio recibida na páxina web [http://aae.medioambiente.xunta.es/aae/template\\_aea.jsp?page=proxecto\\_aea.jsp?id=1361](http://aae.medioambiente.xunta.es/aae/template_aea.jsp?page=proxecto_aea.jsp?id=1361) dende o 06/03/2012 ata o 05/04/2012 de cara a que tanto os cidadáns como os membros do Consello Galego de Medio Ambiente puidesen formular criterios de cara á elaboración do Documento de Referencia.

En data de 9 de abril de 2011 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emite a Resolución pola que se aproba o documento de referencia para a avaliación ambiental estratéxica do Programa de prevención de residuos industriais de Galicia 2013-2016 (PPRIG no sucesivo). O programa de Prevención de residuos incorpora os seguintes obxectivos:

1. Obtención e análise de datos representativos relativos a xeración e Xestión de Residuos Industriais.
2. Priorización dos fluxos de residuos industriais en canto a volume e perigosidade.
3. Proposta de medidas sectoriais e por tipo de residuo destinadas a reducir a xeración e/ou a perigosidade dos fluxos de residuos prioritarios e o establecemento de obxectivos cuantitativos de redución.
4. Establecemento de medidas transversais e obxectivos cualitativos para o resto de sectores e residuos industriais.
5. Establecemento da sistemática para o seu seguimento e revisión, incluíndo a definición de indicadores.
6. Desenvolvemento de mecanismos para a sensibilización e concienciación acerca do Programa.

En canto a súa tramitación, o Programa e O Informe de Sustentabilidade, a través da resolución de 7 de setembro de 2012, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, publicado no Diario Oficial de Galicia de 26 de setembro de 2012 (DOG nº 178, páxina 37376), sometéronse durante 45 días, a un período de exposición pública e consultas, estando a disposición do público interesado na sede da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, ubicada en San Lázaro s/n, Santiago de

---

Compostela e a través da páxina web institucional, (<http://www.cmati.xunta.es/>). Como parte do procedemento tamén se remite copia, en data de 25 de setembro de 2012, os organismos e entidades consideradas afectadas, recollidas no documento de referencia. Unha vez finalizado o prazo de exposición público recíbense un total de 2 alegacións e o informe de calidade do ISA emitido pola Subdirección xeral de avaliación ambiental,

En relación a incorporación das alegacións o contido do programa e do ISA, simplemente sinalar que se incorporan as correccións detectadas no informe de Calidade do ISA.

Finalmente, remítese ao órgano ambiental a documentación necesaria para continuar coa tramitación da Avaliación Ambiental Estratéxica e que se proceda á elaboración da correspondente Memoria Ambiental. Dita memoria apróbase en data de 24 de xaneiro de 2013 (a disposición do público na páxina web <http://aae.medioambiente.xunta.es/>).

En canto o seguimento indicar que o Programa de Prevención de Residuos conta cun programa de seguimento no que se establecen tres tipos de actuacións:

- Fase 1: Toma de datos: indicadores propostos.
- Fase 2: Análise da evolución e grao de cumprimento de obxectivos
- Fase 3: Proposta de Actuación.

A toma de datos consiste na obtención e cálculo do valor dos indicadores propostos no PPRIG obtidos a partir de datos das declaracións anuais dos produtores e das memorias que tamén elaboran os xestores anualmente, así como do IGE entre outras fontes de información.

Unha vez calculados os indicadores elaborárase unha memoria de seguimento de periodicidade anual durante a vixencia do PPRIG; no que se analizarán as seguintes cuestións:

- O resultado cuantitativo dos indicadores propostos e a metodoloxía empregada
- A interpretación dos resultados en relación as variables de sustentabilidade considerando os datos do ano de 2010 e sucesivos
- O grao de cumprimento dos obxectivos cuantitativos a través da comparación do indicador real e a previsión para o período 2013-2016, o grao de cumprimento dos obxectivos con respecto a normativa existente e os obxectivos cualitativos propostos no PPRIG.

Os informes, realizados polo órgano promotor, entregaranse unha vez recibida e analizada a información reflectida no libro de rexistro telemático dos produtores de residuos e as memorias dos xestores de residuos, sendo remitidos a máis tardar durante o mes de setembro de cada ano. Para poder definir o grao de cumprimento dos obxectivos cuantitativos establécense os valores dos indicadores para o período 2013-2016 como segue:

INDICADORES	VALOR (ANO 2010)	VALOR OBXECTIVO (ANO 2016)
Ratio residuos (t)/VEB (en miles de euros)	0,1340	0,1240
LER 010413 t residuo/t produto	0,3455	0,3213
LER 120101 t residuo/t produto	0,2243	0,2187
LER 100202 t residuo/ t producida	0,1428	0,1425
LER 100210 t residuo/t produto	0,0220	0,0213
LER 100207 t residuo/t producida	0,0160	0,0160
LER 100302 t residuo/t produto	0,0058	0,0052
LER 100304 t residuo/t produto	0,0325	0,0299
LER 161101 t residuo/t produto	0,0206	0,0154
LER 161104 t residuo/t produto	0,0013	0,0011

Unha vez realizadas e revisados os indicadores, o órgano promotor disporá dun plan de actuación no que se detallarán as actuacións a desenvolver en caso de que os indicadores propostos no ISA sexan superados de forma clara e representen un incumprimento dos obxectivos propostos ou ben aparezan novos efectos adversos non previstos